

Selecciona a palabra adecuada en cada caso

Liñas imaxinarias que unen puntos de igual altitude.

É a liña imaxinaria que divide a Terra pola súa parte máis ancha en dous: o hemisferio norte e o hemisferio sur. Tamén se coñece co nome de paralelo orixinario ou paralelo 0°.

Relación entre a distancia medida nun plano e a súa correspondente na realidade.

É cada unha das vinte e catro áreas en que se dividiu a Terra para un mellor aproveitamento da luz solar. Os fusos horarios adaptaciónse ás fronteiras dos países, por iso teñen forma irregular.

Cada unha das metades en que se divide a Terra. No * norte atópanse a maioría dos continentes, mentres que no * sur predominan os océanos.

Conxunto das augas dunha rexión.

Distancia entre calquera punto da Terra e o paralelo 0° ou Ecuador. Mídese en graos, minutos e segundos.

Texto que acompaña a un mapa para sinalar o significados dos símbolos que nel aparecen.

Distancia entre calquera punto da Terra e o meridiano 0° ou de Greenwich. Mídese en graos, minutos e segundos.

Representación gráfica e métrica dunha porción ou da totalidade da Terra.

Representación que recolle as diversas entidades políticas ou administrativas en que se divide un territorio.

Representación de calquera fenómeno que se produce nun determinado territorio. Por exemplo, mapa do clima, de poboación, económico ou outros semellantes.

Representación básica que recolle os principais elementos físicos dunha área ou territorio.

Semicírculos imaxinarios que van de Polo a Polo. O meridiano de referencia é o de Greenwich.

Posición de algo respecto dunha determinada referencia, como os puntos cardinais.

Círculos imaxinarios perpendiculares ao eixo terrestre. O Ecuador é o que empregamos como referencia.

Representación dun pequeno territorio a gran escala, polo tanto, é moi detallada. A súa utilidade é indiscutible, pois é un instrumento básico para orientarse cando se viaxa a unha cidade nova.

Conxunto das diferenzas de nivel nunha superficie determinada.